

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 20 DE MAIO DE 2010

1.- Adopción de acordos relativos á folga do servizo de recollida de lixo.

Adóptanse os seguintes acordos:

- 1- incoar expediente sancionador á empresa Urbaser SA, por incumprimento do artigo 6 do prego de cláusulas administrativas particulares da concesión, toda vez que non se está a prestar o servizo coa continuidade convida e garantindo o dereito dos particulares a utilizalo coas condicións establecidas polo Concello. Esta infracción tipifícase como moi grave polo artigo 25.2) do citado prego e sancionable con multa de ata 30.050,61 euros.
- 2- Facultar á Alcaldía para adoptar as medidas cautelares de emerxencia dirixidas a paliar o grave risco para a saúde pública xerado pola acumulación no viario público de 724.595 quilos sen recoller, cantidade que se incrementa diariamente nuns 72.000 quilos aproximadamente, autorizando e dispoñendo os gastos necesarios.
- 3- Repercutir na empresa Urbaser SA os gastos derivados do punto segundo, á vista da imposibilidade de cumprimento dos servizos mínimos establecidos, que a propia empresa recoñece no seu escrito de data 20.05.10.